Deputación DA CORUÑA

BOLETÍN INFORMATIVO

Actualizado o luns 30 de marzo de 2020, ás 13.35 h

DISTINGUIR ENTRE NOTICIAS FALSAS E NOTICIAS OFICIAIS

Durante esta situación de alarma social os cidadáns estamos expostos á manipulación e aos enganos relacionados co Coronavirus COVID-19.

Entre os retos aos que nos enfrontamos nestes días debemos ser capaces de distinguir as noticias falsas da información contrastada, e tampouco deixarnos sobrepasar pola gran cantidade de información que recibimos.

Para iso debemos:

- Confiar só nos medios de comunicación coñecidos e dar credibilidade unicamente ás fontes oficiais como a Web do Ministerio de Sanidade ou a conta de Twitter da Policía Nacional.
- Comprobar a veracidade da información que nos chega a través de redes sociais ou WhatsApp. Para iso, nas web maldita.es e newtral.es pódense consultar as máis de 200 informacións falsas que se difundiron sobre a pandemia.
- Non debemos contribuír á difusión destas falsas informacións, polo que debemos evitar compartilas. Poderiamos mesmo axudar a colectivos máis vulnerables, como nenos ou maiores, a identificar estas informacións que non son veraces. Debemos ser precavidos co que publicamos en Internet e en redes sociais..
- Desconfiar de mensaxes nos que nos transmitan medo ou urxencia e pídannos información sensible a cambio de solucionar un problema.

Antonte publicouse no BOE:

- Real Decreto-lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19.

- Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

- Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

- Orde SND/295/2020, do 26 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19.

- Orde SND/296/2020, do 27 de marzo, pola que se establecen medidas excepcionais para o traslado de cadáveres ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

- Orde SND/297/2020, do 27 de marzo, pola que se encomenda á Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o desenvolvemento de diversas actuacións para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Onte publicouse no BOE:

- Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da

poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

Hoxe publícase no BOE:

- Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, polo que se ordena a publicación do Acordo de validación do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

- Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de validación do Real Decreto-lei 4/2020, do 18 de febreiro, polo que se derroga o despido obxectivo por faltas de asistencia ao traballo establecido no artigo 52.d) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

- Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de validación do Real Decreto-lei 5/2020, do 25 de febreiro, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de agricultura e alimentación.

- Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de validación do Real Decreto-lei 6/2020, de 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.

- Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de validación do Real Decreto-lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.

- Orde SND/298/2020, do 29 de marzo, pola que se establecen medidas excepcionais en relación cos velorios e cerimonias fúnebres para limitar a propagación e o contaxio polo COVID-19.

- Orde SND/299/2020, do 27 de marzo, pola que se modifica a Orden SND/232/2020, do 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

EVOLUCIÓN DA PANDEMIA

Casos confirmados na Coruña provincia	**1.351**
Casos confirmados en Galicia	**3.723**
Casos confirmados en España	**85.195**
Casos confirmados en Europa	**380.714**
Casos confirmados no mundo	**638.146**
Defuncións acumuladas en España	**7.340**
Persoas recuperadas en España	**16.780**
Persoas hospitalizadas en España	**46.617**